

MIÑA PEQUENA




Constanza Jurkó

Necesidades técnicas

4 focos de chan (tomasitos, leds)
equipo de son
mesa para PC

Para exterior:
Linóleo 6x4



Información técnica

Descripción: unha testemuña dunha vítima de agresión sexual

Disciplina: monólogo danzateatro

Temática: violencia de xénero

Número de intérpretes: 1

Persoal técnico: 1

Duración: 15 minutos.

Público: adulto.

Caché: 1000+IVE

Tipo de espazo: non convencional



Premio certame relato contra a violencia de xénero de Ribadavia, novembro 2020

Miña pequena



Sinopse

Miña pequena é un espectáculo de danzateatro para espazo non convencional que adapta o relato Manaus, de Constance Hurlé, gañador do 1º Premio de microrrelatos contra a violencia de xénero do Concello de Ribadavia no ano 2020. Neste explóranse, dende a poesía, a danza e o son, as conexións entre psique, corpo e violencia.

A actriz adéntranos nunha íntima confesión onde quedan expostas a crudeza do abuso e a fragilidade do corpo aldraxado a través da metáfora e a dureza do relato directo, en segunda persoa, dirixido ao agresor.

A peza convida á reflexión sobre a cotidianeidade da violencia de xénero e o abuso sexual no ámbito íntimo da parella e como estas violencias deixan unha pegada no corpo, transformándoo e atravesándoo.

En escena vemos á intérprete Constance acompañada pola composición sonora en directo de Diana Longa.

Ficha artística

Texto e interpretación

Constance Hurlé

Dirección e dramaturxia

Diana Longa

Asesoría de movemento

Olga Cameselle

Espazo sonoro

Diana Longa

Producción e distribución

Hurlé prods

Imaxe audiovisual

Gravidade 0.0

Agradecementos

Fran Sieira
David Jácome

Necesidades técnicas

4 focos de chan (tomasitos, leds)
equipo de son

Para exterior:
Linóleo 4x6



Traxectoria da compañía

Constance Hurlé é unha compañía de artes vivas de carácter multidisciplinar onde o eixo é o diálogo entre a palabra, o corpo e a música. Xorde ao redor da artista que da nome ao proxecto que dende o ano 2010 saca adiante producións propias dándolle forma escénica ás súas creacións literarias a base de micro pezas, monólogos ou performances.

Co paso do tempo afianza a súa linguaxe escénica onde tanto a poesía como a música adquirirán cada vez máis importancia, convertíndose en marca diferenciadora desta compañía de artes vivas ou do movemento. As súas pezas camiñan no filo da performance procurando unha identidade xenuina, fuxindo das categorías tradicionais de teatro, danza ou poesía. As obras de creación propia de Constance Hurlé atópanse dentro de dúas liñas principais de traballo: performances de carácter poético e pezas de teatrodanza contemporáneo, que dialogan coa música, a danza e a proxección audiovisual.

No derradeiro minuto (microteatro), Santiago de Compostela, 2010.

Nefelococigja: a cidade das nubes e dos cucos (teatro), Santiago, 2012.

El día después (microteatro), Granada, 2014.

A mazá de Rosalía (concerto poético), Vigo, 2016.

"bic in progre[is]" (concerto poético), Barcelona, 2017.

Poesía performativa (performance), Vigo, 2017.

hacialaluz (concerto poético) Vigo, 2019.

Monólogo para corpo en movemento (microteatro-danza) Fiot, Carballo, 2020 (premio do público).

Vísceras Poéticas (performance) Mandiñ, 2021.

Lara Hierro (teatro) Rianxo, 2022.

Volátil (poesía escénica) Cariño, 2022.

Penélope: destecen o vínculo (danzateatro) Vigo, 2024

Miña pequena (micro-teatrodanza), Vigo, 2025

Equipo

Diana Longa

Dramaturga, produtora e creadora escénica.
Graduada en Dirección escénica e Dramaturxia, na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (2023). Prosegue coa súa formación artística no eido do audiovisual na escola Treintaycinco mm e o RTVE Instituto.

Dende 2021 colabora coa Revista Galega de Teatro na que realiza críticas e artigos de opinión. Grazas a esta labor, entra no Comando Dramatúrxico do festival Escenas do Cambio no ano 2024, onde elabora crónica e actividades de mediación artística. Nese mesmo ano, comeza a súa andaina como dramaturga e asistente de produción e dirección na compañía Constance Hurlé.



Equipo

Constance Hurlé

Licenciada en filoloxía clásica pola Universidade de Santiago de Compostela e titulada no Máster en Investigación en Estudos do Teatro pola Universidade Autónoma de Barcelona. No plano teórico participa e asiste a congresos de artes escénicas de forma activa.

Comeza dende moi pequena facendo teatro e pasará ao longo da súa vida por diferentes escolas de artes escénicas e danza, destacando a Escola Integral do Creador Escénico Vladimir Tzekov en Granada e A Artística en Vigo. Formouse de xeito alternativo e asistiu a diversos festivais de danza coma o Herdanza en Santiago de Compostela (2017), ou obradoiros monográficos con persoas tales como Janusz Subicz en Barcelona (2016). Participou na escenificación da peza Dancers de Sonia Gómez, no Festival Corpo a Terra en Ourense (2017). Colaborou coma bailarina no videoclip Charleston dos Alley Stompers (2016) e Palmira de Fixe trío (2022), así como protagonista no videoclip do "single" Doce Badaladas, do grupo Alê (2021), ademáis da súa participación como modelo na mostra de fotografía What do you see de Erdie J.(2015).

En 2019 grava o disco de poesía hacialaluz (Vigo, 2019). Publica as obras Sem grana e sem frescura (2023, ed. Morgante), bicmordido (2017, Ed. Carena) e hacialaluz: poesía, sonido, imagen (2019, Ed. La Fábrica de libros), Disfraz de trigre o DSM (2022, ed. La Fábrica de libros). Fai literatura coma medio de expresión das emocións e crítica social. Conxuga poesía e escena navegando polos xéneros híbridos. Recentemente foi premiada coa peza Monólogo para corpo en movemento no Festival FIOT (2020), polo seu microrrelato Manaus no concurso de relatos contra a violencia de xénero (Ribadavia, 2020) e polo seu poema caligráfico Bromio no I certame de Caligramas Constanza de Castro (Cospeito, 2021). A súa última produción de longo formato é Penélope: destecendo o vínculo, producida coa colaboración de AGADIC.



Axenda

Miña pequena

06/11/2025 Pre-estrea A morada Coop. - Vigo

21/11/2025 Estrea MARCO - Vigo

25/11/2025 Tui

27/05/2026 GEPRO - Santiago de Compostela



Contacto

+34 620.56.41.87

distribucion.constancehurle@gmail.com

www.constancehurle.com / www.hurleprods.com

📷 /constance_hurle

f /constancehurle

▶ Constance Hurlé

Constance Hurlé Hurlé
prods.

